

## CÓDIGO ÉTICO DA INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA [UDC Ethical Code of Research]

(versión aprobada polo CEID-UDC o 15/11/2018 e polo Consello de Goberno da UDC o 27/02/2019)

### Preámbulo

A investigación é o intento de descubrir e coñecer a realidade mediante a explicación e a comprensión dos fenómenos naturais e sociais. Investigar é, ademais, unha actividade cooperativa establecida socialmente para perseguir o coñecemento, que é o ben que lle dá sentido e lexitimidade, e que está acompañado por outros bens específicos en cada rama ou área de investigación: saúde, xustiza, eficiencia.

Xunto a este ben primario, o persoal investigador pode e adoita perseguir lexitimamente outros bens externos ou secundarios, que son consecuencia da procura ou obtención do coñecemento: ingresos dignos, recoñecemento, prestixio e progreso profesional.

Investigar é un trazo distintivo da tarefa universitaria, que forma parte das funcións básicas da UDC, crear, desenvolver, transmitir e avaliar criticamente a ciencia, a técnica e a cultura; preparar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos; ou difundir e transferir coñecemento ao servizo da cultura, a calidade de vida e o desenvolvemento económico.

En consecuencia, a UDC debe promover a investigación, establecer as condicións persoais, materiais e institucionais que aseguren a súa calidade e contribuír a consolidar unha cultura ética en todos os aspectos da actividade investigadora.

A integridade científica podería ser o valor, o principio ou a virtude que sintetice o comportamento dun/unha investigador/a responsable. Non obstante, convén desenvolver o seu significado a través dunha serie de valores e principios que integran o Código ético da investigación da UDC.

### 1. Profesionalidade (*Professionalism*)

A profesionalidade é a calidade persoal de quen exerce a súa actividade con capacidade, rigor, dilixencia e responsabilidade para alcanzar os seus fins propios.

Combina a competencia técnica, isto é, dispor dos coñecementos e as habilidades da disciplina ou rama do coñecemento, e a competencia ética, que consiste no emprego correcto destes coñecementos e habilidades para lograr os fins propios da actividade investigadora e non lesionar outros bens.

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                     | Asinado | 07/03/2019 13:13:14 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 1/4                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==</a> |         |                     |



A profesionalidade implica aspirar á excelencia; é dicir, a ambición de mellorar e de non se contentar coa mediocridade.

## 2. Liberdade (*Freedom*)

A liberdade é a capacidade de elixir e de actuar voluntariamente segundo o decidido (liberdade positiva), e a independencia e ausencia de presións indebidas de natureza persoal, institucional, económica, social e política (liberdade negativa).

A liberdade (de pensamento, investigación, expresión, comunicación, conciencia) permite e ampara a necesaria avaliación crítica do contexto e do estado da ciencia para o deseño da investigación, a formulación das hipóteses, a definición da metodoloxía e os obxectivos, a selección do equipo etc.

## 3. Responsabilidade (*Accountability*)

A liberdade do investigador non é absoluta e coexiste cun conxunto de obrigas, entre elas o respecto das liberdades dos demais. Ademais, non equivale a un exercicio voluntarista e sen criterio da investigación. O exercicio responsable da liberdade de investigación ten lugar nas áreas en que o/a investigador/a é competente e require dispor da devandita competencia antes de emprender a investigación.

A responsabilidade equivale a facerse cargo e responder das propias decisións e accións fronte á comunidade científica, a institución, o grupo ou equipo de investigación, as entidades que participan ou financian a investigación, a sociedade e un mesmo.

Esixe o uso dilixente dos recursos propios e alleos, e tomar en consideración as consecuencias da investigación.

## 4. Creatividade (*Inventiveness*)

Investigar supón desafiar o xa coñecido, en busca, precisamente, de novo coñecemento. A creatividade é a capacidade de xerar ideas, conceptos, significados ou vías de aplicación non existentes que cuestionen, revisen ou amplíen o coñecemento. Esixe competencia, curiosidade, imaxinación e audacia para atopar o novo.

## 5. Honradez (*Honesty*)

A honradez expresa o compromiso do investigador coa verdade e a sinceridade.

Todo investigador pode e debe formular propostas e teses que cuestionen o estado do coñecemento acompañadas da pretensión de obxectividade, no sentido de aspirar a un coñecemento xeneralizable que eluda nesgos e declare os conflitos de intereses que poidan comprometer as ditas propostas.

A honradez relaciónase directamente coa apertura e é algo máis que a transparencia: non se trata unicamente de garantir a visibilidade e permitir o acceso á investigación, senón de a ampliar a todo o relacionado con ela.

| Código Seguro De Verificación | Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                     | Asinado | 07/03/2019 13:13:14 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/4                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==</a> |         |                     |



## 6. Respecto (*Respect*)

O respecto equivale a tratar con consideración as persoas, cousas e institucións coas que nos relacionamos.

Implica, en primeiro lugar, respectar as persoas: os suxeitos participantes, os restantes investigadores e outras persoas colaboradoras, os membros da comunidade científica e a cidadanía. Tamén outros seres vivos, mediante o uso apropiado de animais na experimentación.

Así, a primacía do respecto ás persoas debe conducir á interrupción da investigación ou á modificación do seu deseño para evitar danos e garantir a protección das persoas potencialmente afectadas.

Significa tamén administrar de modo responsable os recursos materiais, un uso proporcionado dos materiais apropiados na medida en que sexan necesarios, e o rexeitamento do abuso ou uso incorrecto, así como contribuír á conservación, mellora e sustentabilidade do contorno natural e social en que se desenvolve a investigación.

Finalmente, o respecto esixe cumprir as normas: disposicións xurídicas, principios e valores, normas da institución e criterios das convocatorias, sen que ese cumprimento impida o seu cuestionamento cando haxa razóns para suxerir unha interpretación distinta ou unha modificación que mellore a regulación da investigación.

## 7. Xustiza (*Fairness*)

A xustiza consiste en dar a cada un o seu, o que lle corresponde. Como tal, vai máis aló do respecto e require igualdade combinada co trato distinto e non discriminatorio das diferenzas.

A xustiza debe estar presente nas relacións entre a persoa investigadora e as persoas participantes, outras persoas investigadoras, institucións de investigación, entidades financiadoras, sociedade etc., e debe ser entendida, polo menos, de dous modos, como recoñecemento da contribución que corresponde a cada persoa e como distribución ou repartición equitativa de bens e cargas, preferentemente en función dos méritos.

## 8. Lealdade (*Loyalty*)

A lealdade equivale aquí á conciencia institucional, é dicir, ao recoñecemento debido do papel que desempeñan as institucións na actividade investigadora.

Esixe o recoñecemento do marco en que se desenvolve a investigación como actividade cooperativa e en equipo, tanto respecto da institución universitaria como doutras entidades que a apoiem persoal ou economicamente e das persoas que participan nela, así como o compromiso das persoas implicadas en todas as fases da investigación a contribuír ao ben xeral e non só ao ben propio ou individual.

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                     | Asinado | 07/03/2019 13:13:14 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 3/4                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==</a> |         |                     |



## 9. Ben común (*Common good*)

A actividade investigadora débese orientar ao beneficio da sociedade e ao ben común antes que ao beneficio individual da persoa que investiga.

Garantir o ben público vai máis aló da responsabilidade social, pois significa perseguir un ben que mellore a sociedade. A investigación debe minimizar os danos e maximizar os beneficios públicos e promover actitudes individuais e prácticas institucionais que melloren o benestar da sociedade no seu conxunto.

## 10. Confiabilidade (*Trustworthiness*)

A ciencia e a investigación, como toda actividade cooperativa, necesitan confianza. A confianza non está garantida categoricamente pola nosa posición social ou profesional, senón que debe ser conquistada e revalidada mediante as nosas decisións e accións. Por tanto, a profesionalidade, o rigor e a honradez no exercicio da investigación conducirán a que esa persoa que investiga sexa digna de confianza.

## 11. Seguridade (*Security*)

A seguridade é una situación de protección fronte a posibles riscos ou prexuízos que proporciona estabilidade, tranquilidade e permite planificar a tarefa investigadora.

Débese garantir a nivel persoal (eliminar ou reducir os riscos no desenvolvemento da investigación), profesional (dispor de medios adecuados para a investigación) e laboral (garantir condicións de traballo estables: duración, retribución).

DILIGENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo  
Consello de Goberno do **27 de febreiro de 2019**  
O secretario xeral

| Código Seguro De Verificación | Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==                                                                                                                          |  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                     |  | Asinado | 07/03/2019 13:13:14 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   |  | Páxina  | 4/4                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Gxm1siZeJ1Va2I3pfJYnhQ==</a> |  |         |                     |

